



## Parte da proba de acceso substitutiva do bacharelato para ensinanzas artísticas/deportivas

# Materia: Filosofía

<b>Grao</b>	SUPERIOR	<b>Data</b>	30/05/2023	<b>DNI/NIF</b>	
<b>Alumno/a</b>					
<b>Cualificación</b>					

### INSTRUCCIÓN

#### Formato

A proba consta, en primeiro lugar, de 10 exercicios tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta a cada pregunta tipo test na táboa de solucións ao final do caderno. En segundo lugar deberá ler con detemento o documento proposto para contestar as cuestións propostas. Estas deberán ter unha certa extensión e non ser respostas moi curtas.

#### Puntuación

**Total: 10 puntos.**

- Test: cada resposta correctamente contestada sumará 0,70 puntos. As respostas incorrectas ou en branco non suman nin restan puntuación. A cualificación máxima deste apartado é 7 puntos.
- Comentario de texto: cualificarase cun máximo de 3 puntos. Valorarase a expresión ordenada das ideas, a identificación dos elementos significativos básicos, así como a capacidade de análise e relación co momento actual.

#### Duración

A proba terá unha duración de 60 minutos (1 hora).

#### Procedemento

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

#### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar bolígrafo con tinta negra ou azul.

#### Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

## Parte 1

---

### Test

Indique a resposta correcta na táboa da derradeira páxina:

1. Etimoloxicamente a palabra "filosofía" significa:  
*Etimológicamente la palabra "filosofía" significa:*
  - a) Amigo da ciencia.  
*Amigo de la ciencia.*
  - b) Amigo da sabedoría.  
*Amigo de la sabiduría.*
  - c) Amigo da mitoloxía.  
*Amigo de la mitología.*
  
2. Algunhas das características do saber filosófico son as seguintes:  
*Algunas de las características del saber filosófico son las siguientes:*
  - a) Racional, crítico, radical e práctico.  
*Racional, crítico, radical y práctico.*
  - b) Racional, teórico, irreflexivo e práctico.  
*Racional, teórico, irreflexivo y práctico.*
  - c) Irracional, crítico, radical e práctico.  
*Irracional, crítico, radical y práctico.*
  
3. Os filósofos presocráticos a que momento histórico da filosofía corresponden?  
*¿Los filósofos presocráticos a qué momento histórico de la filosofía corresponden?*
  - a) Filosofía medieval.  
*Filosofía medieval.*
  - b) Filosofía grega antiga.  
*Filosofía griega antigua.*
  - c) Filosofía moderna.  
*Filosofía moderna.*
  
4. Cales dos seguintes filósofos se corresponden coa filosofía contemporánea?  
*¿Cuáles de los siguientes filósofos se corresponden con la filosofía contemporánea?*
  - a) Aristóteles, Platón e Nietzsche.  
*Aristóteles, Platón y Nietzsche.*
  - b) Okcham, Tomás de Aquino e Kant.  
*Ockham, Tomás de Aquino y Kant.*
  - c) Marx, Nietzsche e Marcuse.  
*Marx, Nietzsche y Marcuse.*

5. As ciencias empíricas parten da observación dos feitos da experiencia, a súa clasificación, estudo e comparación, hasta chegar a unha xeneralización, que chamaremos lei ou teoría científica. Este proceder do particular ao universal correspóndese co método:

*Las ciencias empíricas parten de la observación de los hechos de la experiencia, su clasificación, estudio y comparación, hasta llegar a una generalización, que llamaremos ley o teoría científica. Este proceder de lo particular a lo universal se corresponde con el método:*

- a) Hipotético - dedutivo.

*Hipotético - deductivo.*

- b) Dedutivo.

*Deductivo.*

- c) Indutivo.

*Inductivo.*

6. Unha das revolucións científicas máis importantes do Renacemento foi a "Revolución Copernicana". Que cambio supuxo na nosa cosmovisión?

*Una de las revoluciones científicas más importantes del Renacimiento fue la "Revolución Copernicana". ¿Qué cambio supuso en nuestra cosmovisión?*

- a) O paso do mundo sublunar ó supralunar.

*El paso del mundo sublunar al supralunar.*

- b) O paso do xeocentrismo ó heliocentrismo.

*El paso del geocentrismo al heliocentrismo.*

- c) O paso do caos ó cosmos.

*El paso del caos al cosmos.*

7. O pragmatismo político é unha teoría política que sostén que ética e política non teñen porque ir vencelladas. Esta doutrina renacentista foi formulada por...

*El pragmatismo político es una teoría política que sostiene que la ética y la política no tienen que ir vinculadas. Esta doctrina renacentista fue formulada por...*

- a) Nicolás de Cusa.

*Nicolás de Cusa.*

- b) Nicolás Maquiavelo.

*Nicolás Maquiavelo.*

- c) Juan Bodino.

*Juan Bodino.*

8. O proceso polo que asimilamos e interiorizamos dende que nacemos, valores, normas, crenzas, costumes, etc. denomínase:

*El proceso por el que asimilamos e interiorizamos desde que nacemos, valores, normas, creencias, costumbres, etc. se llama:*

- a) Proceso de socialización.

*Proceso de socialización.*

- b) Proceso de adaptación.

*Proceso de adaptación.*

- c) Proceso de evolución.

*Proceso de evolución.*

9. As éticas materiais ou da felicidade fundaméntase nun principio hipotético. Pola contra, a ética formal kantiana susténtase nun principio...

*Las éticas materiales o de la felicidad se fundamentan en un principio hipotético. Por el contrario, la ética formal kantiana se sustenta en un principio...*

a) Particular.

*Particular.*

b) Hipotético.

*Hipotético.*

c) Categórico.

*Categórico.*

10. Para a antropoloxía racionalista e ilustrada, o ser humano era fundamentalmente razón; para Marx o home é...

*Para la antropología racionalista e ilustrada, el ser humano era fundamentalmente razón; para Marx, el hombre es...*

a) Praxe.

*Praxis.*

b) Espírito.

*Espíritu.*

c) Acción.

*Acción.*

## Parte 2

---

### Comentario de texto

#### Texto

Se lle preguntamos a un matemático, a un químico, a un biólogo, ou a calquera outro home de ciencia, que conxunto de verdades concretas foi establecido pola súa ciencia, a súa resposta durará tanto tempo como esteamos dispostos a escoitar. Pero se lle facemos a mesma pregunta a un filósofo, e este é sincero, terá que confesar que o seu estudo non chegou a resultados positivos comparables aos das outras ciencias.

Verdade é que isto explícase, en parte, polo feito de que, dende o momento en se fai posible o coñecemento preciso sobre unha materia calquera, esta materia deixa de ser denominada filosofía e convértese en ciencia separada. Todo o estudo do ceo, que pertence hoxe a astronomía, antigamente era incluído na filosofía; a grande obra de Newton denomínase: Principios matemáticos da filosofía natural.

Dun modo análogo, o estudo do espírito humano, que era, aínda recentemente, unha parte da filosofía, separouse dela na actualidade, e converteuse na ciencia psicolóxica.

B. Russell: *Os problemas da filosofía.*

*Si le preguntamos a un matemático, a un químico, a un biólogo, o a cualquier otro hombre de ciencia, qué conjunto de verdades concretas fue establecido por su ciencia, su respuesta durará tanto tiempo como estamos dispuestos a escuchar. Pero si le hacemos la misma pregunta a un filósofo, y este es sincero, tendrá que confesar que su estudio no llegó a resultados positivos comparables a la de las otras ciencias.*

*Es verdad que esto se explica, en parte, por el hecho de que, desde el momento en que se hace posible el conocimiento preciso sobre una materia cualquiera, esta materia deja de ser denominada filosofía y se convierte en ciencia separada. Todo el estudio del cielo, que pertenece hoy a la astronomía, antiguamente era incluido en la filosofía; la gran obra de Newton se denomina: Principios matemáticos de la filosofía natural.*

*De un modo análogo, el estudio del espíritu humano, que era, aun recientemente, una parte de la filosofía, se separó de ella en la actualidad, y se convirtió en la ciencia psicológica.*

B. Russell: *Los problemas de la filosofía.*

#### Preguntas

1. Identifica as dúas ideas principais do texto.

*Identifica las dos ideas más relevantes del texto.*

2. Enumera os exemplos que usa o autor como apoio da súa tese.

*Enumera los ejemplos que usa el autor como apoyo de su tesis.*

3. Cres posible que algún día todas as preguntas filosóficas poidan chegar a ser contestadas cientificamente?

*¿Crees posible que algún día todas las preguntas filosóficas puedan llegar a ser contestadas científicamente?*

## Filosofía

---

### Táboa de respostas do test

TÁBOA DE RESPOSTAS			
Nº	A	B	C
1		X	
2	X		
3		X	
4			X
5			X
6		X	
7		X	
8	X		
9			X
10	X		

Preguntas tipo test	/ 7
Redacción	/ 3
Total	/10

### Cráterios de cualificación do exercicio de texto

O exercicio de texto consta de tres preguntas, unha das cales é aberta.

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Comprensión do texto.
- Coherencia e claridade expositiva das ideas.
- Uso conceptual apropiado e adecuado a temática.
- Corrección sintáctica e ortográfica.